

**Mesa de traballo**  
**EXPERIENCIAS DE INTERVENCIÓN NO SECTOR COMERCIAL**

---

***CALIDADE EN GALEGO, NO CONCELLO DE AMES***

**Rosa Moreiras Cuñarro**  
SNL do Concello de Ames

Calidade en galego é unha campaña de promoción e galeguización do pequeno comercio que desenvolven, desde o ano 2008, os departamentos de Promoción Económica e Normalización Lingüística do Concello de Ames en colaboración coas asociacións municipais de comerciantes e de empresarios. A esta altura están adheridos á campaña algo máis de 200 comercios.

A campaña botouse a andar con dous obxectivos básicos: aproveitar as vantaxes que o sector comercial pode tirar do uso da nosa lingua e asentar Ames como referente comercial de calidade en toda a comarca.

**Calidade en galego** pretende ser unha marca común que agrupe os comercios amesáns para facelos máis competitivos, asociando o uso do galego a un sinal de modernidade, de diferenciación e de responsabilidade social.

A campaña consta de diferentes actuacións, todas elas gratuítas para os comercios interesados en adherirse:

- Campaña publicitaria en diferentes soportes.
- Reparto de materiais útiles e atractivos para os comerciantes (adhesivos para os agasallos, distintivos cos horarios de apertura e peche, carteis de rebaixas, paraugas de cortesía etc).
- Asesoramento lingüístico para mellorar a presenza do galego no comercio.
- Formación para mellorar as estratexias de comunicación publicitaria e a atención ao público.
- Información sobre normativa vixente e sobre posibles axudas para a galeguización do comercio.

As diferentes actuacións de Calidade en Galego lévanse a cabo en momentos temporais distintos, con especial atención ás épocas nas que se intensifica a actividade comercial (Nadal, rebaixas...), co obxectivo de crear unha rede de colaboración fluída entre os e as comerciantes e os departamentos de Promoción Económica e de Normalización Lingüística para colaborarmos mutuamente na promoción e na galeguización do comercio.

Ames, setembro 2010